

Cultura da sostibilidade e cooperación ao desenvolvemento en centros educati- vos de Galicia e República Dominicana

Culture of sustainability and development cooper- ation in schools of Galicia and Dominican Republic

Germán Vargas Callejas, María Barba Núñez e Alicia Díaz Balados. Universidade de Santiago de Compostela (Galicia, España)

Resumo

O obxecto desta comunicación é presentar o proxecto de investigación “Cultura da sostibilidade e cooperación ao desenvolvemento: realidades e perspectivas educativas en Galicia y República Dominicana (Convocatoria 2014 de Subvencións en investigación para o Desenvolvemento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia), impulsado polo Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela en agrupación coa ONGD InteRed Galicia. O obxectivo que motiva esta investigación é o de coñecer e analizar as claves de construción da cultura da sustentabilidade ambiental e a cooperación entre o estudiantado e o profesorado de Galicia e República Dominicana, procurando a promoción do diálogo intercultural, a sustentabilidade e a cidadanía global. Para o logro deste obxectivo, tomando en conta a complexidade do tema, optouse por unha metodoloxía de investigación cualitativa, apoiada en tres técnicas: grupos de discusión, análise do discurso en libros de texto e análise de representacións iconográficas. A orixinalidade deste proxecto radica na complementariedade do traballo de investigación cun proceso de formación interna do grupo de investigación, así como de formación e diálogo intercultural entre centros educativos, buscando o impacto social e aplicabilidade dos resultados dende a fase inicial do proceso de pescuda.

Astract

The purpose of this communication is to present the investigation project “Culture of sostenibilidade and development cooperation: realities and educational perspectives in Galicia and Dominican Republic” (Announcement 2014 of Subsidies in investigation for the Development of the Dirección Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia), promoted by the Group of Investigation in Social Pedagogy and Environmental Education of the University of Santiago de Compostela with the ONGD InteRed Galicia. The aim of this investigation is to know and analyse the culture of the environmental sustainability and cooperation between students and professors of Galicia and Dominican Republic, procuring promote the intercultural dialogue, the sustainability and the global citizenship. To attain this aim, applies a methodology of qualitative investigation, based in three technicians: groups of discussion, analysis of the speech in books of text and analysis of iconographic representations. The originality of this project roots in that the work of investigation is accompanied with the internal training of the group of investigation, as well as training and intercultural dialogue between educational centres, looking for the social impact and applicability of the results from the initial phase of the investigation process.

Palavras chave

Cultura da sostibilidade, cooperación ao desenvolvemento, cidadanía global, escola, investigación-acción

Key-words

Culture of sostenibilidade, development cooperation, global citizenship, school, investigation-action

Introdución

A urxencia de transformar o mundo dende unha perspectiva afastada da visión convencional do desenvolvemento, poñendo atención a cuestións como a participación das persoas na construción do seu destino presente e futuro; o coidado e conservación da natureza; a promoción e consolidación de procesos de solidariedade e cooperación, como o desenvolvemento dunha consciencia de humanidade e dun sentido de cidadanía responsable polo que sucede no ámbito local e global, constitúen os factores centrais que motivaron a realización do proxecto que se describe, cuxo obxectivo fundamental, se formulou nos seguintes termos: coñecer e analizar ás claves de construción da cultura da sostibilidade ambiental e a cooperación entre o estudantado e profesorado de Galicia e República Dominicana, para a promoción do diálogo intercultural, a sostibilidade e a cidadanía global.

Tanto o obxectivo formulado coma a singularidade binacional da proposta, permiten intuír as bases conceptuais e teóricas sobre as cales descansa a execución e a actividade heurística do proxecto: a

cultura da sostibilidade, a cooperación e cidadanía global. Termos e formulacións teóricas intrinsecamente ligadas, en canto uns outorgan sentido e sustento aos outros, relación que tamén se traslada ao contexto das prácticas, onde é inconcibible a construción dunha cultura da sostibilidade sen o fortalecemento de marcos de cooperación e o exercicio responsable da cidadanía.

O paradigma da sostibilidade

A sostibilidade é o terreo común no que conflúen todas as boas intencións de transformación do modelo convencional de desenvolvemento, configurado por un discurso complexo e, as máis das veces, contradictorio, que precisa dunha comprensión reflexiva e crítica, para coñecer e entender as conexións que se estruturan entre os diversos factores que constitúen o concepto e as realidades que representa que, no mundo diverso que habitamos, están condicionadas, sobre todo, por intereses de carácter económico e político. Na súa esencia orixinaria, o concepto de

sustibilidade, ligado á idea de desenvolvemento, pretendía dar conta dos límites físicos do planeta, da incapacidade deste para asumir os residuos xerados (DALY, 1997) pola civilización occidental, ao tempo que denunciaba a inxusta distribución dos bens da terra a través dunha estratexia económica inviable, condenada á caducidade por esgotamento. Constatación que deu lugar á construción dun novo paradigma cuxo núcleo seminal máis coñecido, establecido por la Comisión Mundial del Medio Ambiente y del Desarrollo (CM-MAD) (1987), propón *“un desenvolvemento que satisfaga as necesidades do presente sen comprometer a capacidade de que as xeracións futuras poidan satisfacer as súas”*. Unha definición que pretende conciliar a satisfacción equitativa das necesidades humanas presentes sen reducir nin poñer en perigo as posibilidades das xeracións futuras para levar unha vida satisfeita e sen carencias (Informe de Desenvolvemento Humano, 2011), partindo da premisa central de axustar a economía e os procesos de transformación da natureza ao coidado e conservación, a longo prazo, do medio. Unha perspectiva que, a pesar dos anos e os cambios integrados na transformación da cultura e da natureza non perdeu vixencia.

Polo seu carácter conciliador e ao mesmo tempo transformador o concepto de sustentabilidade ten sido apropiado pola maioría dos actores do desenvolvemento, empresarios, políticos, grupos ecoloxistas,

educadores..., en moitas ocasións mal comprendida (MAWHINNEY, 2005: 14) e cunha intencionalidade afastada do seu obxectivo orixinal. Unha realidade que en palabras de GONZÁLEZ (2005) deu lugar a un enorme conxunto de definicións e múltiples interpretacións, configurando un concepto opaco, inconsistente, capaz de axustarse a diversos intereses, en moitos casos, contraditorios. Así, o significado da sustentabilidade e sobre todo de “desenvolvemento sostible” cambia en función dos que fagan uso deste, sendo esta unha das maiores dificultades que entraña a sustentabilidade que, en xeral, é entendida como unha proposta positiva pero enganosa.

Para limitar as marxes de manipulación do concepto, dende unha perspectiva teórica, identificáronse tres visións: “sustibilidade débil”, “sustibilidade forte” e “super forte” GUDYNAS (2002). A perspectiva “débil” singularízase pola súa propensión a equiparar o desenvolvemento económico coa sustentabilidade, propón axustes no sistema para outorgarlle un rostro “verde” ao crecemento económico. Non recoñece nin cuestiona as asimetrías mundiais e comprende os problemas ambientais en clave de produtos da pobreza. Na práctica, evita formular cambios profundos e apela ás solucións tecnolóxicas, á tecnocracia e á ciencia tradicional, desconsiderando a dimensión política e social dos problemas do desenvolvemento. A “sustibilidade forte”, pola súa banda, destaca polo seu profundo cuestionamento á destrución ecolóxica

que provoca o modelo de desenvolvemento convencional e a súa visión ilimitada do crecemento. Formula que o coidado da natureza é inherente ao concepto de sostiabilidade e reclama o mantemento da diversidade biolóxica e dos ecosistemas; ao tempo que propón abordar os problemas ambientais dende unha perspectiva política, de participación cidadá e de cambios no estilo de vida consumista. No ámbito da ciencia apela a novas formas de coñecer e transformar a natureza, que non esgoten os recursos e tampouco degraden os ecosistemas vitais. A esta visión súmase a chamada “sostiabilidade super forte”, cuxa idea central é o recoñecemento dos recursos do planeta en termos de Patrimonio Natural, cun valor intrínseco, independente da súa utilidade e sentido para o ser humano; tamén integra a cuestión política como un factor relevante para guiar a nova senda do desenvolvemento humano, que vai máis alá do cambio nos estilos de vida destrutivos e consumistas, para propoñer unha renovada visión e valoración de todas as formas de vida e do lugar e sentido da especie humana no planeta.

O proxecto “*Cultura da sostiabilidade e cooperación ao desenvolvemento en centros educativos de Galicia e República Dominicana*” sitúase entre os límites da sostiabilidade forte e super forte, en canto propón o cambio radical do modelo de vida e de desenvolvemento imperante para transitar cara á concreción dunha visión do mundo e un estilo de vida e de desenvolvemento

que propicie a convivencia axeitada, equilibrada e respectuosa entre os seres humanos e destes coa natureza. Sendo o obxectivo práctico do proxecto trasladar as boas intencións que derivan da sostiabilidade ao ámbito dos valores e os comportamentos na vida cotiá. Neste sentido, asumimos a definición que GUTIÉRREZ e GONZÁLEZ (2010: 121) propoñen cando expresan: “*por sustentabilidade entendemos un compromiso efectivo de contribuír á conformación dunha nova etapa civilizatoria, baseada no coñecemento, que harmonice a vida dos seres humanos consigo mesmos e entre se, que promova o desenvolvemento socioeconómico con equidade e practique unha actitude respectuosa do medio para conservar no longo prazo a vitalidade e a diversidade do noso planeta*”.

Unha forma de ser e facer que en termos de VARGAS (2002: 54) implica “*un xeito novidoso de pensar o destino humano, que esixe potenciar as capacidades das persoas e a transmutación dos valores económicos por valores ambientais, éticos e morais, orientados cara ao benestar xeral. Valores que, na vida cotiá, esixen cambios na conduta das persoas, a redistribución equitativa dos bens e a educación e capacitación dos suxeitos para que adquiren habilidades abondo para transformar o mundo, evitando o deterioro e dispendio dos recursos naturais*” e, a estas alturas da historia, a destrución da vida na terra.

O enfoque de sostibilidade do proxecto, pola súa calidade educativa, centra a atención sobre todo en cuestións de comprensión, valoración e comportamento ambiental, sen descoñecer nin desconsiderar que a sostibilidade evoca e representa unha realidade complexa, interrelacionada, cuxo coñecemento require dunha visión holística que contemple como factores coincidentes e interdependentes á dimensión ecolóxica, económica, social, política e cultural da existencia humana.

A cooperación e a visión de cidadanía global

A visión formulada en torno á sostibilidade complementábase e refórzase coa promoción e fortalecemento dos procesos de cooperación entre as persoas, os colectivos e as sociedades, que, no momento presente, están abocadas ao desenvolvemento dunha conciencia de humanidade, que facilite a lectura crítica e comprometida dos problemas locais e globais para dar lugar a accións responsables.

No proxecto, a cooperación compréndese dende unha perspectiva persoal e social. Considerando en ambos os dous casos a visión da axuda como o feito de socorrer ou auxiliar alguén que está en situación de carencia ou necesidade. Esta acción de solidariedade dáse a nivel persoal cando

os suxeitos, á marxe dos motivos que os impulsen, se comprometen coa superación de problemas ou realidades de carencia. A axuda tamén pode ser exercida polas sociedades, a partir da organización en colectivos non gobernamentais (ONGs), cuxo labor céntrase en canalizar a solidariedade social cara aos máis necesitados do propio ámbito social ou foráneo. Este conxunto complementábase coa denominada axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) que é promovida entre os estados co obxectivo común de superar problemas que limitan o benestar das persoas (NUSCHELER, 1996).

A cooperación entre suxeitos, sociedades ou estados está, polo xeral, mediada por intereses, que en moitos casos non se corresponden coa intención altruísta de prestar socorro, senón que se enmarcan en políticas nacionais de desenvolvemento, sobre todo as axudas oficiais, que pretenden potenciar os seus propios intereses de orde económico ou político.

Dende unha visión crítica, no presente proxecto, compréndese que a cooperación oficial ao desenvolvemento se enmarca en políticas que implican a dinamización dos medios e medidas pertinentes para impulsar a transformación económica e social das nacións receptoras de axuda, co fin de mellorar as condicións de vida das poboacións necesitadas. Unha cooperación que, tradicionalmente, é formulada dende unha perspectiva unidireccional e de asis-

tencia, que tamén debe considerar a achega das sociedades receptoras ao benestar dos que ofrecen a axuda, na liña de crear unha síntese de intereses que favorezan o logro dos obxectivos de sostibilidade ecolóxica, económica e social.

A confluencia de intereses e o logro exitoso dos obxectivos de sostibilidade formulados no proxecto, pasan pola concreción doutro concepto, a cidadanía global. Un neoloxismo que se encadra na 5ª xeración da Educación para o Desenvolvemento, que esixe superar as prácticas dunha cidadanía illada e limitada a unha nación, para enfocar esta idea cun horizonte planetario (CELORIO, 2014), en canto hai problemas que afectan a toda a humanidade, cuxa solución forma parte da responsabilidade individual e colectiva de todos os habitantes do planeta.

A construción do concepto de cidadanía global parte da constatación de que a crise do modelo convencional de desenvolvemento e os seus efectos sociais, ambientais, políticos e económicos afectan a todas as persoas, no norte como no sur, o cal esixe a acción organizada da sociedade civil para xerar procesos de cuestionamento e transformación da realidade (AAVV, sf), fundamentadas na participación activa e crítica, exercitada como un acto de responsabilidade individual e colectiva. Un exercicio cidadán que dea lugar á transformación persoal e social, na liña de capacitar aos suxeitos para o desenvolvemento

dunha vida comprometida nun ámbito cambiante, complexo, conflitivo e de dimensións planetarias

Non marco do proxecto destácanse tres aspectos do concepto de cidadanía global, primeiro, a crítica radical ao modelo convencional de desenvolvemento e o compromiso vital para a súa transformación; segundo, o desenvolvemento dunha conciencia de humanidade e terceiro, a idea de responsabilidade local e global. Enfoques que necesariamente desembocan nunha práctica política de cidadanía crítica e comprometida coa solución dos problemas a escala planetaria, a partir da concreción dunha nova identidade humana baseada no recoñecemento mutuo, o coidado da vida na terra e a valoración da diversidade biolóxica e cultural, que esixe asumir a propia responsabilidade -individual e colectiva- na transformación dos estilos de vida consumistas e destrutivos.

Os elementos descritos constitúen a base conceptual e argumental do proxecto, que de xeito intencionado pretende afastarse da proposta teórica do “desenvolvemento sostible” para centrarse na “cultura da sostibilidade” que, dende o noso punto de vista, limita o nesgo económico do desenvolvemento e abre múltiples posibilidades para a proposta de formas de vida alternativas. A xeito de síntese e en termos xerais, o proxecto implica tres factores constitutivos: 1) a sostibilidade como estilo de vida e desenvolvemento centrado sobre todo

en cuestións de carácter ambiental; 2) a cooperación, como un proceso polo cal os suxeitos, as sociedades e os estados propoñen e realizan accións bidireccionais orientadas á prestación de axudas solidarias aos que o precisen; e 3) a cidadanía global, que remite ao desenvolvemento dunha conciencia de humanidade e á capacidade de asumir responsabilidades en relación a problemas de carácter global.

Descrición da investigación

O Proxecto persegue o estudo da cultura da sustentabilidade en dúas áreas xeográfica e socialmente diversas.

A hipótese de partida do Proxecto descríbese do seguinte xeito: *“A construción dunha cultura da sustentabilidade defensora do medioambiente, da limitación dos problemas ambientais e da asunción dun modelo de vida alternativo menos nocivo para a contorna está intimamente ligada á sensibilidade, actitudes e formación ambiental do estudantado e profesorado nos centros educativos, cuxos axentes en Galicia e República Dominicana posúen unha escasa formación e conciencia do desenvolvemento dunha cultura cooperativa e da sustentabilidade”* (Memoria técnica proxecto)

Este feito dificulta a integración da visión de sustentabilidade nos procesos de edu-

cación para o desenvolvemento, aspecto que coincide co descoñecemento das potencialidades da cooperación para o desenvolvemento na tarefa de crear sociedades máis equitativas e sustentables.

Numerosas son as referencias ás análises que vinculan a Educación Ambiental coa Educación para o Desenvolvemento; aínda que no contexto español as investigacións orientadas á exploración do coñecemento, das prácticas, dos compromisos e das expectativas do profesorado en relación á cultura da sustentabilidade son escasas; no ámbito internacional foi un tema reiterado de estudo – principalmente a través da formación inicial do profesorado e o profesorado en activo -, en canto ao coñecemento e percepción propia do desenvolvemento sostible.

Descrición metodolóxica

A mostra da investigación está constituída por alumnado de 1º de Bacharelato (3º de Media en Dominicana) e docentes da ESO e Bacharelato (Educación Media en Dominicana) de 8 centros educativos, 4 de Galicia e 4 de República Dominicana. Os criterios de selección de centros foi o contexto no que se sitúan (rural-urbano) e a súa titularidade (público-privado). Así, contamos coa participación dun centro público urbano, un privado urbano, e dous públicos rurais, en ambos países.

A metodoloxía sigue unha liña cualitativa, baseada fundamentalmente na aplicación

de tres técnicas – o grupo de discusión, a representación iconográfica e a análise do discurso nos libros de texto-.

O grupo de discusión, organizado para o profesorado e para o alumnado, atinxe ao conxunto de coñecementos, prácticas, compromisos e expectativas, en canto á cultura da sostibilidade e á cooperación para o desenvolvemento e a cidadanía global. Para ambos grupos, o contido dos ítems dentro de cada categoría corren en termos similares na súa formulación.

Na selección da mostra (gráfico 1) primouse a diversidade segundo xénero e, no caso do profesorado, a procedencia de titulacións diversas. Participaban dos grupos de discusión entre 6 e 8 persoas, a excepción dun caso (República Dominicana) no que o centro paralizou a actividade

e contamos coa participación de todo o profesorado do centro.

En relación á cultura da sostibilidade, sucedense os ítems arredor da problemática ambiental –sobre as cuestións ambientais máis salientables e a súa influencia ou vinculación co centro educativo e a vida cotiá, persoal ou familiar ou en ambos grupos. No tocante á cooperación para o desenvolvemento e a cidadanía global, os ítems pretenden indagar sobre o significado de ambos conceptos, as accións realizadas no centro educativo ou a súa colaboración con outras entidades ou a propia responsabilidade persoal como “cidadanía global”.

En canto á representación iconográfica (táboa 1), solicitábaselle ao alumnado que debuxaran ou esquematizaran as que con-

MOSTRA DE ESTUDO




Gráfico 1. Composición da mostra dos grupos de discusión

sideran a título persoal as problemáticas ambientais máis relevantes, e que indicaran o que fan –ou teñen feito- tanto na súa vida persoal coma no centro educativo para atender á problemática ambiental. Para cubrir o instrumento contaron con 30 minutos ao termo dos cales se lles explicaba a importancia da súa colaboración e a orientación práctica do proxecto.

	GALICIA	REPÚBLICA DOMINICANA
RURAL PÚBLICO 1	43	71
RURAL PÚBLICO 2	46	68
URBANO PÚBLICO	39	63
URBANO PRIVADO	43	61

Táboa 1. Mostra instrumento iconográfico

A interpretación dos debuxos susténtase nunha aproximación cualitativa e cuantitativa aos mesmos. A ferramenta permite coñecer os problemas ambientais sentidos polo estudiantado e a súa valoración prioritaria nos seus contextos de referencia, cruzando esta información con variables que condicionan a percepción da problemáticas: país de procedencia (España - República Dominicana), contexto de vida (rural - urbano) ou xénero (home - muller). A problemática estúdase nun alcance tanto local coma global, mediante a indicación do axente responsable: natureza, cidadanía, empresas, gobernos. A abordaxe analizará a complexidade da representación, na medida en que integra causas, consecuencias ou alternativas. O

traballo con debuxos permite, así mesmo, valorar o rol que asignan ao ser humano, diferenciando en función de xénero, ou a carga ético-emocional que trasladan nas súas representacións.

A análise do discurso nos libros de texto céntrase nos textos correspondentes a oito libros, catro manuais de utilización en centros galegos e outros catro en centros dominicanos. Obsérvase o concepto de sostibilidade, cooperación e cidadanía global ao longo do seu temario, a partir dunha grella de análise centrada na orientación do discurso; na abordaxe en canto aos ámbitos culturais de selección, dos valores promovidos, da atribución de causas, consecuencias e responsabilidades; así como das actividades.

Proceso seguido

O feito de que este sexa un proceso impulsado por un Grupo de Investigación en colaboración cunha ONGD, implica o diálogo entre a cultura do mundo académico e aqueloutra do tecido asociativo, coas súas formas de acción, tempos, experiencia previa, saberes e ollares diferenciados. Esta confluencia é enriquecedora para ambas entidades. Para a Universidade, supón abrirse aos espazos de acción socioeducativa, facendo fronte á crítica de ser unha institución repregada sobre si mesma, produtora dunha cultura en-

claustrada que escasamente contribúe a dar resposta aos problemas sociais (ARGULLO, 2014). Para o tecido asociativo, supón reforzar a dimensión reflexiva da acción, nun sector no que, segundo LÓPEZ e TÁBOAS (2013)¹, “a investigación é, con diferenza, o ámbito menos traballado” (p.36), sendo que só dúas das vinte entidades enquisadas no seu estudo incorporan entre os obxectivos a investigación para o desenvolvemento.

No proceso de investigación coídoise, polo tanto, a necesidade de crear espazos de diálogo e coordinación para promover o enriquecemento mutuo, así como a coherencia investigadora cos principios da EpD: unha acción dirixida á transformación. É por iso que as diferentes fases do proceso desenvolto, presentadas a continuación, combinaron formación, reflexión, investigación e acción, dende enfoques participativos e dialóxicos.

Fase 1. Conformación do grupo e da investigación

Este proxecto dá continuidade a anos de colaboración entre InteRed Galicia e o Grupo SEPA, contribuíndo a reforzar as liñas de traballo que están a impulsar cada unha das entidades. A ONGD InteRed inicia no 2012 a súa campaña “Actúa con coidados transforma a realidade” a cal, mantendo o enfoque de xénero e dereitos humanos no que leva traballando durante todo o seu

percorrido, incorpora a atención á crise ambiental. Enténdea como consecuencia dun modelo socioeconómico e de desenvolvemento que prioriza ao Mercado fronte ás persoas e a natureza, demandando cambios de orde estrutural. O Grupo SEPA ten unha longa traxectoria de investigación e reflexión na vinculación entre medio ambiente e desenvolvemento (CARIDE e MEIRA, 1998a, 1998b e 2001; CARIDE, 2001, 2005, 2006, 2007). Actualmente está a potenciar o estudo de alternativas cara a sostibilidade, especialmente das comunidades en transición (PARDELLAS, 2011 e 2013; PARDELLAS, DA CUNHA e MEIRA, 2013) e a iniciar con este proxecto a investigación en educación para o desenvolvemento e cooperación internacional.

Aproveitar a traxectoria e experiencia de ambas entidades require da dinamización de espazos de intercambio que permitan o fortalecemento como grupo máis aló da suma das partes, definindo claramente o seu posicionamento respecto á realidade estudada e o enfoque de aproximación á mesma.

Con este propósito realizáronse dúas accións formativas: un obradoiro de cooperación internacional e educación para o desenvolvemento, dinamizado por Vera ALCARAZ, experta en cooperación internacional e voluntaria de InteRed Galicia; e outro sobre cultura da sostibilidade, acompañado por Miguel PARDELLAS, investigador en alternativas comunitarias e

de desenvolvemento na procura de sociedades sustentables na súa acepción forte.

No primeiro dos obradoiros abordouse a evolución dos enfoques de cooperación internacional e educación para o desenvolvemento, situando a perspectiva da cidadanía global. Isto xerou unha interesante liña de debate en torno á superación de enfoques Norte-Sur, baixo a consciencia de que o poder xa non se sitúa nuns países fronte a outros, senón nunhas institucións globais e minorías de poder fronte a unha maioría social oprimida e empobrecida nos diferentes países, sen deixar de recoñecer as desigualdades entre territorios. Isto demanda así mesmo dunha acción colectiva, baseada na cooperación e a responsabilidade na loita común.

A definición do concepto de “cultura da sustentabilidade” non resulta doado. O propio termo “cultura” é enormemente polisémico, podendo diferenciar ata 164 definicións distintas (KROEBER e KLUCKHOHN, 1952). Neste caso non estamos a atender a aquelas acepcións relacionadas co que se denomina alta cultura, do ser cultivado en artes e humanidades; senón no seu sentido etnográfico definido, segundo TYLOR, como *“todo aquel complexo que inclúe o coñecemento, as crenzas, o arte, a moral, o dereito, os costumes e aquel outros hábitos e capacidades adquiridos polos homes [e mulleres] en canto membros dunha sociedade”* (en KAHN, 1975, p.29).

Para valorar que aporta o concepto “sustentabilidade” ao termo cultura, o dinamizador do obradoiro situou ás persoas participantes ante o reto de definir previamente as coordenadas nas que se define a nosa actual cultura da insustentabilidade. Identificar aqueles elementos do noso modelo de alimentación, educación, transporte, xénero, vivenda, enerxía, consumo, tecnoloxía, produción, etc. que fan insostibles os nosos modelos de sociedade permitiunos chegar ao concepto de sustentabilidade polo que apostamos:

*“O noso conxunto de coñecementos, crenzas e costumes sustentables falan de educación cooperativa e crítica, integrando participación, comunidade, afecto e corresponsabilidade; falan de alimentos locais, ecolóxicos e de tempada, cultivados dignamente polas labregas e labregos que coidan do territorio e a súa biodiversidade; falan de transporte colectivo, de vivenda digna e urbanismo responsable e adaptado ao territorio; falan de reutilización e redución de residuos; falan de dereito a un aire limpo e sen ruído; falan de enerxías renovábeis e produción descentralizada; falan de equidade, de conciliación e de coidados; falan, en resumidas contas, de valorar o que respecta e se adapta á biosfera e os seus ciclos, do que contribúe a unha vida digna e feliz das comunidades”*¹

1 <http://sostenibilidadycoo.wix.com/educar#!que-facemos/c1d1f>

Os obradoiros foron dinamizados a través dunha metodoloxía participativa e incentivadora da reflexión grupal. A partir das ideas emanadas do obradoiro, as persoas dinamizadoras elaboraron un documento de síntese no que recolleron os tópicos prioritarios, que serviron de base para a elaboración das ferramentas de recollida de información e, posteriormente, dos instrumentos de análise.

Fase 2. Traballo de campo

A pretensión inicial do estudo era que este fose acompañado da acción educativa en centros, a través de actividades de formación e intercambio entre Galicia e República Dominicana. Esta foi a proposta coa que se accedeu aos centros educativos de Galicia –xaneiro e febreiro- e República Dominicana –marzo-, presentándoa nunha reunión coa directiva do centro. O resultado destes encontros levou a reformular a estratexia de traballo e o compromiso adquirido, dado que dous dos centros galegos aos que se accedeu de inicio rexeitaron participar do proxecto por sentir que comportaba un nivel de implicación moi forte. Decidiuse, polo tanto, graduar o proceso en fases, sendo que os centros accedían a participar dunha primeira fase de recollida de información e, segundo os resultados, elaborárase unha proposta de formación e intercambio intercultural que sería dialogada coa equipa docente para valorar a continuidade do proceso.

O acceso aos centros en República Dominicana realizouse a través do Centro Cultural Poveda, unha ONG colaboradora de InteRed dedicada á formación e capacitación de mestras e mestres e á investigación e sistematización en educación. Esta entidade derivounos aos Distritos de Educación² que seleccionaron e estableceron o contacto cos centros.

No primeiro encontro coa equipa directiva presentábaselles o proxecto, as potencialidades de participar e os compromisos adquiridos por ambas partes. Na reunión, se era posible, concretábanse as datas para a aplicación de cada unha das ferramentas, adaptando o proceso ás necesidades e dispoñibilidade do centro. Non se buscou aglutinar a aplicación das técnicas para reducir desprazamentos, xa que sempre se tivo presente que cada visita ao centro era unha oportunidade para reforzar lazos de colaboración e coñecemento mutuo. De feito, nun centro de República Dominicana no que aplicamos todas as metodoloxías nun mesmo día, quedamos coa sensación de que o contacto fora moi escaso e, polo tanto, perigaba a continuidade posterior do proxecto. Enténdese que toda colaboración esixe da relacións

2 O sistema educativo en República Dominicana estrutúrase en 16 Direccións Rexionais de Educación en 96 Distritos Educativos, os cales supervisan e controlan todas as actividades educativas e de intervención (tamén investigadora) nos centros escolares. Nesta investigación colaboraron o Regional 01 (Barahona) e o Regional 04 (San Cristóbal).

de confianza, máxime cando se establece entre contextos distantes como Galicia e República Dominicana. Por ese motivo buscamos volver ao colexio para asegurarnos de manter vivo ese enlace.

Dende esta perspectiva, durante todo o proceso de recollida de información coídáronse os encontros informais co profesorado, dirixidos a percibir as súas necesidades e intereses en relación ao traballo realizado e posibles liñas de colaboración.

Se ben se pretendía que este proceso fose acompañado por actividades de intercambio entre centros, este obxectivo non puido desenvolverse na medida en que quixeramos. Iniciouse a web do proxecto³, na que compartir materiais e experiencias, así como plataformas de diálogo e intercambio virtual -un blog⁴ e un facebook⁵- pero non contamos neste curso académico cos tempos precisos para dinamizalos e sacarlle o máximo proveito.

En República Dominicana, organizouse un concurso de debuxo dirixido ás e aos estudantes dos centros educativos participantes para deseñar a imaxe do proxecto e das plataformas de intercambio virtual. A idea era que o alumnado puidese identi-

calos como propios dende o primeiro momento, é dicir, como espazos construídos por todas e por todos. Inicialmente existía a interese de poder desenvolver accións educativas dirixidas a dinamizar o intercambio, pero a limitación temporal -1 mes para o acceso e recollida de información nos 4 centros- fixo que non se puidese desenvolver na medida en que se quixera, sendo que só houbo a oportunidade de realizar unha formación nun centro. O que se procurou antes de marchar foi identificar profesorado enlace para poder avanzar nesta liña no seguinte curso académico.

En Galicia, a dinámica foi un pouco semellante. O traballo de campo realizouse no peche de curso, nos meses de maio e xuño, polo que foi imposible acompañalo de accións formativas e de intercambio. Acordouse realizar unha reunión coas equipas directivas no mes de setembro, previo ao inicio das clases, para introducir na planificación anual de curso esta liña de traballo e poñer en marcha a dinamización das Xornadas de Sostiabilidade.

Fase 3. Análise de datos

Para o deseño das ferramentas e protocolos de análise de datos tomouse como base o traballo previo de reflexión teórico-conceptual desenvolto nos obradoiros de formación interna, do que se extraeron as categorías e subcategorías de análise.

3 <http://sostenibilidadycoo.wix.com/educar>

4 <http://sostenibilidadycoo.wix.com/educar#!blog/c183n>

5 <https://www.facebook.com/educar-sostenibilidad>

A abordaxe dos libros de texto xirou en torno ao interrogante: serven os libros de texto para promover unha cultura da sustentabilidade?. Atendendo a esta cuestión, e a unha análise bibliográfica previa, cada unha das persoas que conforman a equipa de traballo avanzou nunha proposta que foi compartida co grupo. Deste espazo de diálogo xurdiu unha proposta única de instrumento que foi testada e depurada por cada integrante de xeito individual. Identificadas as potencialidades e limitacións, fíxose un terceiro encontro no que acabar de pechar o instrumento e acordar a estratexia de análise. Optouse por unha revisión por pares de cada libro, variando a composición das parellas en cada un deles para enriquecer o intercambio de perspectivas de análise e acadar un maior rigor. Tras a revisión individual cada parella se xunta para avanzar nunha valoración conxunta do libro. Finalmente, un dos integrantes da equipa dinamizará un obradoiro para compartir os resultados e solventar posibles limitacións ou diverxencias que puideran xurdir do proceso.

O deseño do instrumento de análise iconográfico apoiouse na experiencia previa de integrantes do Grupo SEPA na aplicación deste tipo de metodoloxía. Optouse por combinar a análise cuantitativa co ollar cualitativo para atender ás diferentes interpretacións que se poden dar dunha mesma problemática. Na análise dos debuxos recolleuse a tipoloxía de problemática presentada; o seu alcance, local ou global;

a súa abordaxe, se aparece só a problemática ou se vincula coas causas, consecuencias ou alternativas; a identificación ou non do axente responsable (individuo, empresa, goberno); a presenza ou non do ser humano, de que xeito (individual ou colectivo), o tipo de vinculación (nas cousas, nas consecuencias, na alternativa) e o xénero das persoas representadas, cruzado co xénero de quen responde; a orixinalidade das representacións, ilustracións propias a partir da súa experiencia cotiá ou imaxes predeseñadas; e, por último, a carga emocional, é dicir, se lle asignan emocións ás persoas, aos elementos da natureza ou ao debuxo no seu conxunto.

Como recolle ARTO (2009), son diversas as autoras e autores (BARRAZA, 1996; KELIHER, 1997; ALERBY, 2000) que defenden as potencialidades da ferramenta iconográfica no trabalo educativo e de percepción ambiental: achega elementos comunicativos diferentes aos da expresión oral; reduce dificultades e tensións na construción do discurso; recolle relacións e formas de ver unha realidade, etc. Pero tamén presenta a limitación de deixar fóra da expresión aquelas cuestións de representación máis complexa. É por iso que resulta especialmente interesante o cruce desta información cos discursos obtidos a través dos grupos de discusión xa que, por poñer un exemplo, o abandono do rural e entendido como unha problemática ambiental polo estudantado, pero non aparece recollido nos seus debuxos.

Para esta análise emprégase o software de análise cualitativo Atlas.ti, que permite recuperar as imaxes analizadas; así como o programa de análise cuantitativo SPSS.

A análise dos grupos de discusión susténtase nos tópicos identificados para o deseño do guión de discusión, empregando tamén o software Atlas.ti. Actualmente a investigación atópase neste punto, na fase de análise e sistematización dos primeiros resultados.

O carácter formador e transformador do proxecto

Na formulación do proxecto, ademais da indagación de realidades, considerouse importante a implementación de procesos formativos orientados a capacitar estudantes e profesores en valores e comportamentos proambientais, na liña de desenvolver no ámbito dos centros educativos unha cultura da sostibilidade. A base informativa e de coñecemento para a realización deste propósito orixínase no conxunto de datos recompilados nos centros educativos - a través dos grupos discusión, a análise de textos e o instrumento iconográfico-, de modo que a acción formativa non implica a implantación dun saber foráneo, senón a utilización dos propios coñecementos ou, noutras palabras, a reflexión crítica e o desenvolvemento de no-

vos saberes a partir da análise das propias percepcións, valores e comportamentos en relación á cultura da sostibilidade.

A integración dun elemento formativo outorga ao proxecto un matiz especial, en canto os investigadores implicados tamén se comprometen coa transformación da realidade nos centros educativos, asumindo o desafío de que o coñecemento non só debe ser difundido, senón que tamén compartido e aplicado para xerar procesos e situacións novidosas, que melloren as deficiencias identificadas na propia investigación, ao tempo que axuden a consolidar os elementos considerados positivos.

Ata o presente, no marco do calendario do proxecto, realizouse un proceso formativo no contexto de República Dominicana, onde a partir dos datos recompilados no propio centro, se procedeu a un traballo colectivo de interpretación da devandita información coa participación do seu propios produtores, desta acción despréndense as seguintes ideas:

- Traballar coa información producida polo alumnado supón unha gran vantaxe, en canto permite confrontar ás e aos estudantes, dende unha visión crítica e científica, cos seus valores, comportamentos e expectativas, que no transcurso de análise, en función da súa calidade positiva ou negativa, son cuestionadas ou valoradas como principios ou prácticas axustadas á

construción dunha cultura da sostibilidade.

- O retorno da información ao centro educativo en calidade de procesos formativos crea altas expectativas entre o profesorado, incrementando o nivel de interese e participación no desenvolvemento do proxecto e, tamén, xerando un contexto propicio para un proceso de colaboración educativa sostida no tempo.
- A realización de accións formativas no centro, crea oportunidades para o encontro e o intercambio de visións sobre os problemas relacionados coa cultura da sostibilidade, feito que permite ampliar as posibilidades de afondar no coñecemento mutuo e no compromiso cos obxectivos do proxecto.
- A integración dos membros do proxecto nos centros educativos, en calidade de formadores conxunturais, enriquece o coñecemento sobre os compoñentes do centro -profesorado e alumnado-, información útil para fundamentar as propostas de cambio dirixidas aos axentes do centro educativo, aos decisores políticos e ás Organizacións non Gubernamentais implicadas na educación para unha cultura da sostibilidade.

O binomio investigación-formación, desde o punto de vista dos investigadores, en clave de futuro, facilitará o diálogo Norte-Sur e o intercambio e produción conxunta

de coñecemento para afondar na construción dunha cultura da sustentabilidade e a cooperación, incorporando novos enfoques prácticos na loita contra os problemas ambientais e as súas consecuencias. Así mesmo, no contexto político, achegará unha base de datos relevantes cuxa interpretación pode ser útil incorporar no proceso diagnóstico que sustente a elaboración dunha Estratexia Galega de Educación para o Desenvolvemento en Galicia. Permitindo orientar, de forma complementaria con outros estudos, a política de cooperación galega e organizar novos procesos fundamentados en evidencias. Así mesmo, permitirá estruturar unha relevante base de coñecemento para a organización e toma de decisións pedagóxicas nos centros educativos, cumprindo co seu labor transformador, na liña de fomentar e consolidar en Galicia e República Dominicana unha cultura da sostibilidade e cooperación fundamentada nunha conciencia de interdependencia e solidariedade. Os logros obtidos ata o presente, apuntan na liña indicada, destacando a validez e pertinencia da relación investigación-formación.

Referências bibliográficas

- AA.VV (s.f.). Educación para el desarrollo y la ciudadanía global. Madrid: ONGD InteRed.
- ALBERBY, E. (2000). A way of visualizing children's and young people's thoughts about the environment: a study os drawings, *Environmental Education Research*, 6, pp. 205-222.
- ARGULLOL, Rafael (2014). La cultura enclaustrada, en *El País*, 5 de abril de 2014. Accesible en: http://elpais.com/elpais/2014/03/25/opinion/1395742979_031566.html

- ARTO, Mónica (2009). O cambio climático narrado por alumnos de educación secundaria: análise de metáforas e iconas, *Ambientalmente Sustentable*, (I) 7, pp. 115-125
- BARRAZA, L. (1999). Children's drawings about the environment. *Environmental Education Research*, 5, pp. 49-65.
- CELORIO, J. (2014). Educación na e para a transición emancipadora. En *Revista Galega de educación*, nº 58.
- CMMAD (1987). *Nuestro futuro común*. Madrid: Alianza Editorial.
- DALY, H. (1997). De la economía del mundo vacío a la del mundo lleno, en GOODLAND, R.; DALY, H.; EL SERAFY, S.; VON DROSTE (Eds.). *Medio ambiente y desarrollo sostenible. Más allá del Informe Brundtland*. Valladolid: Trotta.
- GONZÁLEZ, Edgar (2005). *Educação Ambiental*. Lisboa: Instituto Piaget.
- GUDYNAS, E. (2002). *Ecología, economía y ética del desarrollo sustentable*. Buenos Aires/Montevideo: CTERA/CLAES.
- GUTIÉRREZ, E. y GONZÁLEZ, Edgar. (2010). *De las teorías del desarrollo al desarrollo sostenible*. México: Siglo XXI.
- KELIHER, V. (1997). Children's perceptions of nature. *International Research Geographical and Environmental Education*, 6 (3), pp. 240-243.
- KROEBER, Alfred Louis e KLUCKHOHN, Clyde (1952). *Culture: A Critical Review of Concepts and Definitions*. New York: Vintage Books
- LÓPEZ, Alicia e TÁBOAS, Estíbaliz (2013). Diagnóstico das accións de Educación para o Desenvolvemento financiadas pola Xunta de Galicia no período 2010-2012. Santiago de Compostela. Accesible en: http://www.cooperaciongalega.org/noticias_ver.php?idSeccion=86&idNoticia=1106
- MAWHINNEY, M. (2005). *Desenvolvemento sustentável. Uma Introdução ao debate ecológico*. São Paulo: Edições Loyola.
- NUSCHELER, F. (1996). *Lern und Arbeitsbuch Entwicklungspolitik*. Bonn: Dietz.
- PNUD (2011) *Informe de desarrollo humano 2011. Sostenibilidad y equidad: Un mejor futuro para todos*. México: Ediciones Mundi-Prensa. Documento electrónico, consultado el 20 de junio de 2015 en: http://hdr.undp.org/sites/default/files/hdr_2011_es_complete.pdf
- VARGAS, G. (2002). *Prácticas educativas y procesos de desarrollo en los Andes. Estudio etnográfico de la comunidad quechua de Aramasí – provincia Tapacarí, Bolivia*. Universidad de Santiago de Compostela: Tesis Doctoral.